



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** e o **Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI)** están a organizar a xornada **OPORTUNIDADES DE FINANCIAMENTO A TRAVÉS DO PROGRAMA EUROSTARS**, que terá lugar o venres 18 de xullo de 10 a 12.30 horas no CIS Tecnoloxía e Deseño en Ferrol.

O obxectivo da xornada é presentar o programa **Eurostars**, un programa de apoio ás **PEMEs intensivas en I+D** no desenvolvemento de proxectos transnacionais orientados ao mercado. Estes proxectos deben representar unha rutura co estado da arte técnica e un reto comercial que permitan a estas empresas dar un salto cualitativo importante na súa posición no mercado.

O público obxectivo desta xornada son, pois, **PEMEs intensivas en coñecemento***. O orzamento total do programa ascende a 1.140 millóns de euros para o período 2014-2020, provenientes da Comisión Europea e dos países sinatrios dentro de EUREKA. En España, é o Ministerio de Economía e Competitividade, a través do CDTI, quen xestiona o programa.

As xornadas terán un carácter eminentemente práctico, podendo manter os asistentes que o desexen unha **xuntanza bilateral** tanto cun técnico de CDTI como da Axencia Galega de Innovación (GAIN) para valorar unha posible proposta de proxecto e aclarar dúbidas sobre os instrumentos de apoio á participación galega en proxectos europeos de I+D+i, respectivamente.

Para participar, tanto presencialmente como a través de videoconferencia dende os puntos habilitados, precísase inscrición. O programa completo das xornadas, así como os formularios de inscrición, están dispoñibles no seguinte [enlace](#).

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos ata o vindeiro xoves!

*Enténdese por PEME intensiva en coñecemento aquela que reúne os seguintes requisitos: se ten 100 traballadores ou menos debe contar con polo menos 5 traballadores a tempo completo dedicados a actividades de I+D+i, ou dedicar un mínimo dun 10% da equivalencia a tempo completo a actividades de I+D+i ou investir un mínimo do 10% do seu volume de negocio en actividades de I+D+i. No caso dunha PEME con máis de 100 traballadores, debe ter polo menos 10 persoas dedicadas a tempo completo a actividades de I+D+i, ou dedicar un mínimo dun 10% da equivalencia a tempo completo ou do seu volume de negocio a actividades de I+D+i.